



ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL
LOCAL ESTRELA DE MARÍN
Rúa Real nº 10, baixo, 36900 Marín
Telf. e Fax: 986 89 11 12
VERENCIA
Móvil: 690 86 89 28
info@estrelademarin.es
www.estrelademarin.es

DOÑA MARÍA ISABEL TORRES PAZOS, CON NIF: 35254188-H, SECRETARIA DE LA ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL LOCAL ESTRELA DE MARÍN, LA QUE ACTUÓ COMO PRESIDENTA DOÑA MARÍA CATALINA CONDE MANSO CON NIF: 52492319-V

CERTIFICO:

Que en la reunión de la JUNTA DIRECTIVA DE LA ASOCIACIÓN celebrada en el domicilio social de la misma, y previa convocatoria reglamentaria, el día 15-09-2025, se tomó el siguiente acuerdo:

Autorizar a DOÑA MARÍA CATALINA CONDE MANSO, a depositar en la notaría "Tamara Casal Esperanza", las bases de la campaña "O Escaparate Estrela", que se desarrollará del 01 a 11 de octubre de 2025.

Que DOÑA MARÍA ISABEL TORRES PAZOS Y DOÑA CATALINA CONDE MANSO, fueron elegidas Secretaria y Presidenta, respectivamente, de esta Asociación, en la Asamblea General Extraordinaria celebrada el día 14-03-2022 por un periodo de cuatro años, tomando posesión de sus cargos el mismo día y que dichos cargos están vigentes.

No se produce con este acuerdo conflicto de intereses.

El Acta de la reunión, fue leída, aprobada y firmada al finalizar la misma.

Y para que así conste y a los efectos de acreditar la representación indicada, expido la presente Certificación en Marín a 26 de Septiembre de 2025.

LA SECRETARIA

VºBº. LA PRESIDENTA

Fdo. María Isabel Torres Pazos

Fdo. María Catalina Conde Manso

BASES LEGAIS DA CAMPAÑA "O ESCAPARATE ESTRELA"

PRIMEIRA.- Entidade organizadora

A Asociación Centro Comercial Local Estrela de Marín, con domicilio social en Rúa Real nº10 baixo, 36900 Marín (Pontevedra), organiza a presente promoción denominada "O Escaparate Estrela", en colaboración co Concello de Marín e coa cofinanciación da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia.

SEGUNDA.- Obxecto da promoción

O obxecto da presente promoción é incentivar o consumo no comercio local de Marín mediante a posta en marcha dunha campaña de dinamización comercial cuxo premio consistirá na entrega ao gañador/a dun escaparate composto por máis de 100 produtos e servizos aportados polos establecementos participantes.

"O Escaparate Estrela", montarase no baixo comercial sito en Rúa Jaime Janer nº2 36900 Marín, onde se atopaba ata hai uns días "Deportes Xesta".

Para tal finalidade, a asociación aluga o citado baixo comercial desde o 15 de setembro ao 15 de outubro.

TERCEIRA.- Ámbito territorial e temporal

A promoción desenvolverase dentro do termo municipal de Marín (Pontevedra), entre os días 1 e 11 de outubro de 2025, ambos inclusive. O acto de presentación oficial terá lugar o 30 de setembro de 2025. O acto de descuberta e proclamación da persoa gañadora celebrarase o 11 de outubro de 2025 ás 21:45h, unha vez finalice a gala que comezará ás 20.00h.

CUARTA.- Requisitos de participación

1. Poderán participar todas aquelas persoas físicas, maiores de idade, que realicen compras en establecementos comerciais adheridos á campaña, desde o día 1 de outubro ao 11 de outubro, ata as 19 horas.
 2. Para acertar o valor total de "O Escaparate Estrela", as persoas participantes disporán de dúas (2) oportunidades polas compras e gozarán de unha (1) oportunidade extra, se descargan e se rexistran na APP "Comercio de Marín"
 3. Por cada 60€ en compras a persoa participante terá dereito a unha oportunidade de participación (permítese acumular ese importe, con 4 tickets de compra que deberán ser de establecementos distintos).
3. As persoas que descarguen e se

rexistren na aplicación "Comercio de Marín" terán dereito a unha oportunidade adicional.

4. Para formalizar a súa participación, será necesario rexistrar os tickets de compra na plataforma habilitada polo Centro Comercial Aberto Estrela de Marín, indicando nos campos correspondentes do formulario, o valor estimado do escaparate estrela.

Dito formulario figurará na seguinte ligazón web <https://www.estrelademarin.gal/o-escaparate-estrela/> e habilitarase o sábado 11 de outubro ás 11hrs., momento no que se descubrirá tamén, a totalidade de "O Escaparate Estrela". O citado formulario pecharase ao público ás 19 hrs. do citado día 11 de outubro, xa que a organización necesita cotexar a información que se suba para dar a coñecer á persoa gañadora, unha vez que finalice a gala.

Desde o 1 de outubro, iranse descubrindo produtos/servizos, no escaparate do lateral do baixo comercial referenciado na cláusula 2 destas bases, para que os clientes poidan facer os seus cálculos.

QUINTA.- Determinación da persoa gañadora

1. A persoa gañadora será aquela que acerte ou máis se aproxime, sen pasarse, ao valor real do escaparate estrela que figura nestas bases.

2. No momento no que se desvele o valor total do escaparate, a persoa gañadora deberá estar presente para poder proclamarse gañadora de "O Escaparate Estrela".

3. En caso de empate, entre dúas (2) persoas o desempate farase a través dunha dinámica que consistira en acertar o prezo dun produto que se mostrará nese mesmo momento. Gañará o escaparate estrela, quen se achegue máis ao prezo xusto do produto de desempate, sen pasarse.

No suposto de producirse empate entre máis de dúas (2) persoas, resultará gañadora a primeira persoa que rexistrase a súa participación. Este feito poderá comprobarse a través da web onde se van rexistrando as participacións, xa que queda rexistrada a hora exacta.

SEXTA.- Premio

1. O premio consistirá na entrega ao gañador/a de todos os produtos e servizos que integran "O ESCAPARATE ESTRELA".

2. O premio é persoal e intransferible, non podendo ser obxecto de cesión, substitución nin compensación en metálico.

3. Os produtos e servizos que compoñen o escaparate, non poderán cambiarse nin devolverse, ao non ser que presentasen algunha deficiencia. Nestes casos, o/a gañador/a, deberase poñer en contacto directamente co establecemento que aportou o produto en cuestión.

SÉTIMA. –Valor de “O Escaparate Estrela”

1. O valor total de “O Escaparate Estrela” é de **#7.355,91€#**. Este valor é resultado da suma, dos importes que os establecementos participantes na campaña, especificaron no formulario que se habilitou para tal fin, para poder inscribirse na campaña a través da ligazón <https://www.estrelademarin.gal/inscripcion-o-escaparate-estrela/>

2. Adxúntase con estas bases, o listado oficial que quedou rexistrado na páxina web onde se especifica o nome do establecemento, persoa ou sociedade que asina, DNI/CIF, teléfono, correo, produto/servizo que aporta, valor do produto/servizo e sinatura dixital.

3. Dito listado farase público, unha vez se dea a coñecer á persoa gañadora da campaña.

SÉTIMA.- Réxime fiscal

1. O premio estará suxeito á lexislación fiscal vixente en materia de impostos sobre actividades do xogo.
2. O Centro Comercial Aberto Estrela de Marín asumirá, no seu caso, o ingreso a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) correspondente ao valor do premio, de acordo co establecido na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, e demais normativa de desenvolvemento.
3. Corresponderalle á persoa gañadora declarar na súa renda o valor do premio obtido.

OITAVA.- Comunicación da persoa gañadora

O nome da persoa gañadora farase público no acto do 11 de outubro de 2025 e será difundido a través dos medios oficiais do CCA Estrela de Marín (web, redes sociais, medios de comunicación). O director xerente do CCA Estrela de Marín, faralle entrega á presentadora da gala final, que se celebrará con motivo da campaña partir das 20.00h do 11 de outubro, do sobre onde, no seu interior, figurará o valor total de “O Escaparate Estrela”, que se especifica no punto primeiro do artigo 7, das presentes basas. O importe tamén se proxectará na pantalla do escenario.

NOVENA.- Protección de datos

Os datos persoais facilitados polos participantes serán tratados conforme á normativa vixente en materia de protección de datos, coa única finalidade de xestionar a presente promoción.

DÉCIMA.- Cesión e Dereitos de Imaxe

Os gañadores desta promoción autorizan a ESTRELA DE MARÍN a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, apelidos, enderezo e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promoción a que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

UNDÉCIMA.- Aceptación das bases

A participación na presente promoción implica a aceptación íntegra das presentes bases, que serán depositadas e protocolizadas ante notario.

As citadas bases, publicaranse na páxina web na ligazón <https://www.estrelademarin.gal/o-escaparate-estrela/>. Nas bases que se publiquen na web durante o transcurso da campaña, non figurará o valor total do escaparate.

En Marín a 22 de setembro de 2025